



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

# ERE

(primeiras consecuencias)

Unha vez que a Administración veu de aprobar a ERE, a Dirección faltoulle tempo para reaccionar sobre os discrepantes nos cambios de traballadores do Ferraxes do Sistema II para Montaxe.

Cambios que o igual que fixera no verán, Persoal sen atender a criterios e incluso contra a vontade dos RUs, sinala as persoas que deben proceder a ese traslado.

O feito de que esta siga sendo o proceder fronte a unha posición sindical que no caso da C.I.G., estivo máis que razoada do inxustificado e incluso discriminatorio do ERE, non por elo nos resignaremos a aceptar como algo natural estes traslados asentados en criterios sindicais.

Este proceder da Dirección tamén debiera servir para a reflexión dos que asinaron o Convenio 2008-2011 por infravalorar a retirada do parágrafo do Art. 14 que dicía.

## **Traslados Interiores.-**

*“Cando por razóns organizativas sexa necesario trasladar persoal de algúns talleres a liñas de Montaxe, Pintura, Embutición, farase por orden de antigüidade na Empresa entre o persoal daqueles talleres, empezando polos de menor antigüidade. Se o traballador/a ó que pola súa antigüidade lle corresponde ser trasladado ou xa estivo nalgún destes talleres por un período mínimo de dous anos, ou ten limitacións determinadas polo Servizo Médico da empresa que lle impidan o traslado en ditos talleres, o traslado efectuarase na persoa que lle siga na antigüidade. Quedan o marxe desta norma os Profesionais.*

Cando a Dirección pediu a retirada deste texto, ben sabía o que pretendía, eliminar calquera dificultade para proceder os cambios, e así ter a total liberdade para actuar cos seus criterios unilaterais en materia de mobilidade.

**Confederación Intersindical Galega**